



**Sala de
exposicións Pazo
San Marcos**
Do 5 de marzo ao 18
de xuño

**Sala multiusos
Museo Provincial
de Lugo**
Do 5 de marzo ao 5 de
abril

MPL
A miña familia
Obra orixinal
Sala 16

Pazo de Tor
De abril a decembro

Museo do Mar
De abril a decembro

**Museo Fortaleza
San Paio de Narla**
De abril a decembro

ESPAÑA	FRANQUEO PAGADO
	Aut. n.º 150493

D. Antonio Veiga Outeiro,
vicepresidente da Deputación de Lugo, e no seu nome

D. Mario Outeiro Iglesias,
deputado delegado da Área de Cultura e Turismo,
teñen o pracer de invitalo/a á inauguración da exposición

Olladas

“A miña familia”

que terá lugar o vindeiro xoves, 5 de marzo de 2015,
ás 20:00 horas, na Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos
(Deputación Provincial de Lugo)

Nota: o día 6 ás 20:00 horas haberá unha visita guiada no Museo Provincial de Lugo para
os asistentes ao “II Congreso de xénero, museos, arte e migración” guiada pola comisaria

Rúa San Marcos s/n
Tel.: 982 242 112

Praza da Soidade s/n
Tel.: 982 242 112

difusion@museolugo.org

Máis información:



e no sitio web: www.museolugo.org



a ARTE
de ser MULLER
nun MUNDO
por COMPARTIR
5.0



—
5
marzo
—
2015
—

a ARTE
de ser MULLER
nun MUNDO
por COMPARTIR
5.0

Se botamos unha ollada histórica ao papel que a muller cumpriu no mundo da arte, a primeira visión coa que nos atopamos é a da muller como obxecto, como mero modelo expositivo sobre a cal perpetuar os roles de xénero dunha cultura patriarcal imperante.

A muller, no mundo da arte, durante moitos anos quedou relegada a ocupar sinuosos planos nos lenzos que penduran das paredes de museos de todo o mundo. Ao mesmo tempo que a muller artista quedaba silenciada. É ben coñecido que na historia da arte, moitas das mulleres artistas asinaban as súas obras baixo identidades masculinas para evitar que os seus traballos foran censurados ou invisibilizados.

A arte, como linguaxe expresiva, manifesta o que existe na sociedade nos diversos momentos históricos e, así, visibiliza os roles de xénero e o papel da muller nos diversos ámbitos da sociedade: dende o seu papel na familia (como nai protectora) ata o seu papel na comunidade e sociedades. Polo tanto, a sociedade é un concepto que evoluciona histórica e socialmente e no que se fai necesario que a muller xogue un papel activo e visible.

Mirar a arte con perspectiva de xénero permite ter un visión global das diferenzas que para homes e mulleres supón a arte. Visibilizar a contribución das mulleres ao mundo das artes supón facer unha reinterpretación da historia, cuestionándose os discursos institucionais, incorporando novas propostas que dean como resultado a transformación da mirada sobre a o mundo e as mulleres.

Xulia Minguillón
A miña familia



Dende a Rede Museística de Lugo, levamos anos apostando por un modelo de traballo baseado en plans con obxectivos a medio e longo prazo, máis aló das celebracións puntuais de efemérides.

A arte de ser muller nun mundo por compartir 5.0 enmárcase dentro da iniciativa levada a cabo pola Rede Museística Provincial de Lugo baixo o comisariado da xerencia da RMP, centrada na visibilidade das mulleres no eido creativo.

Nesta nova edición, o que se persegue é evidenciar o feito de que a construción dunha sociedade igualitaria pasa por dous eixes claves: dunha banda o recoñecemento e visibilidade da muller como axente activo na construción da sociedade actual e, doutra banda, a visibilidade da arte creadora sobre postulados de igualdade, dende a ollada compartida de homes e mulleres.

Por todo isto, nesta ocasión o programa *Olladas de muller* centra o seu foco de atención na obra dunha muller: *A miña familia*, de Xulia Minguillón, realizada en 1944, e que ofrece a visión da súa propia familia nun momento histórico moi concreto e diferente ao actual. A exposición *Olladas “a miña familia”* conta coa participación de 47 artistas, 47 miradas diferentes nas que se reflexiona sobre a figura e o tempo tendo como referente a familia e a muller.

A través das obras coñecemos os momentos históricos e o papel que xoga a muller na construción da sociedade. A familia é o elemento que aglutina as sociedades e a súa representación é unha oportunidade para coñecer os modelos sociais cos que as novas xeracións se identifican e socializan. Neste ámbito é onde se insire a convocatoria do concurso dirixido a escolares “A miña familia, antes e agora”, co obxectivo de fomentar a participación, os valores de convivencia e a expresión artística. Na sociedade actual, a construción da familia cambiou en consonancia

cos cambios sociais e, hoxe en día, existen diversas formas e conceptos de familias, a diferenza dos modelos tradicionais de familias que representa a obra de Xulia Minguillón.

Esta edición trata, consecuentemente, de ampliar as olladas, non só dos participantes senón tamén no senso de que a exposición vai contar cun novo formato de multi-salas (sala de Xulia Minguillón e sala Multiusos do Museo Provincial de Lugo e a sala de Exposicións da Deputación de Lugo) e ,a partir do mes de abril, as obras viaxarán aos catro museos da Rede configurando unha topografía da provincia de Lugo.

Non é coincidencia que sexa na provincia de Lugo, en xeral, e na Rede Museística de Lugo, en concreto, onde estas iniciativas teñen cabida. Somos museos de comunidade, o que implica que o traballo levado a cabo está planificado e que se concreta baseándose en proxectos museísticos orquestrados en programas para/coa comunidade. Unha comunidade que se estende a artistas, asociacións, familias, escolares e público en xeral que atopa nos nosos museos un espazo para o encontro, a reflexión, a divulgación e o desenvolvemento integral das persoas. Ao longo do 2014, foron moitos os programas levados a cabo dende a Rede Museística no seu labor de visibilizar e reivindicar a muller na arte. A modo de exemplos cabe citar o proxecto *Diálogo Intercultural: Lugo-Arentina* dentro do que se inseriu o programa “Mulleres de aquí e de acolá”; as exposicións colectivas *Olladas de muller sobre a guía postal Lugo de Maruja Mallo e Historia da*

visibilidade creativa feminina na Rede e o Pazo san Marcos foi testemuña do acto inaugural do Festival Miradas de Mulleres 2014, en Galicia.

Nesta liña de formular obxectivos a medio e longo prazo, hai que salientar que, tras o éxito acadado o ano pasado, este ano celebramos o II Congreso de xénero, Museos e Arte, apostando e co convencemento no labor de compromiso social que a Rede Museística vén desenvolvendo no campo de xénero que nesta nova edición se engade, como pia necesario, a migración.

Por todo iso, *A arte de ser muller nun mundo por compartir 5.0* preséntase como unha oportunidade máis de visibilizar o papel da muller ao longo dos vindeiros meses do 2015, con actividades didácticas complementarias e paralelas ao Plan xeral de igualdade da RMP, nas que se poña de manifesto a igualdade nos catro museos da rede en consonancia coas comunidades que os viven e os visitan: Muller rural en San Paio de Narla; Muller e mar no Museo do Mar; Muller, clases sociais e discapacidade no Pazo de Tor; Muller e arte no Museo Provincial de Lugo.

Encarna Lago
Comisaria e xerente da RMP